

A CONDENA

Béla Tarr, 1988

1629

ESTREA EN NUMAX: 06.11.2025 | V.O.S.E. | 120 min

O recente gañador do Premio Nóbel de Literatura, László Krasznahorkai, e o gran director húngaro Béla Tarr, escribiron a catro mans o retrato de Karrer, un home de vida solitaria nunha poboación mineira. El pasa as tardes no bar Titanik, cuxo dono lle propón participar nunha operación de contrabando.

«Tarr redefine as posibilidades do espazo e o tempo fílmicos logrando un efecto hipnótico que se achega ao estatus de visionario»

Sukhdev Sandhu, TELEGRAPH



Da frase infinita ao plano secuencia

Por Quim Casas

A prosa posmoderna, melancólica e fantasiosa de László Krasznahorkai casa á perfección coas imaxes creadas polo gran cineasta húngaro do seu tempo, Béla Tarr. Krasznahorkai naceu en 1954. Tarr fíxoo en 1955. Empezaron a colaborar n' *A condena*, película de 1988 ambientada nunha cidade mineira na que os personaxes sobreviven como poden. Era o quinto filme de Tarr. Ningún dos que fixo continuación prescindiu da escrita de Krasznahorkai.

Foi entrar en contacto, poñer en conflito ou en harmonía as súas ideas e identificarse plenamente ata o punto de que a personalidade dun chega a confundirse coa doutro. As novelas de Krasznahorkai aliméntanse do cinema de Tarr do mesmo xeito que as películas deste son como son grazas en parte aos guións do literato. A obra mestra de Tarr, *Sátántangó* (1994), un exercicio hipnótico e abismal de 450 minutos de duración que retrata a vida nunha granxa colectiva na Hungría poscomunista desde diversos puntos de vista, non só se basea nunha novela de Krasznahorkai, senón que o ten a el como coguionista para separar, partir, eliminar e modificar todo aquilo que funciona no libro e non funciona tan ben nunha película. Esa foi sempre a comunión entre ambos os creadores, saber en que terreo se moven e diferenciar unha linguaxe doutra.

Outra obra sublime do cineasta, *Harmonías de Weckmeister* (2000), tan influente noutros realizadores –Gus van Sant viuna e cambiou a perspectiva da súa filmografía, rodando baixo o seu influxo a metronómica *Gerry* dous anos despois–, baseouse igualmente nunha novela de Krasznahorkai. Como separar a un do outro?

Non só iso. Tarr recorreu ao seu laureado colega literario para levar ao seu terreo a novela de Georges Simenon na hipnótica *O home de Londres* (2007), e na súa anunciada despedida do cinema, polo menos en formato longametraxe, *O cabalo de Turín* (2011), Tarr volveu recorrer aos servizos de Krasznahorkai como o guionista que mellor entendeu a linguaxe das imaxes, os sons e as pausas que practica o cineasta húngaro.

Non debe ser doado escribir para Tarr. É difícil, sen dúbida, transcribir en imaxes en movemento as historias de Krasznahorkai. Non é de estrañar, neste sentido, que a parte máis importante da obra do cineasta estea asociada ao escritor do mesmo xeito que pode entenderse que o recentemente Premio Nobel non escribise guións para ningún outro director. Algo máis que almas xemelgas.

Publicado en elperiodico.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tango satánico,
László Krasznahorkai.
Acantilado

*Ao norte unha montaña,
ao sur lago, ao oeste
camiños*
László Krasznahorkai.
Rinoceronte Editora, 2015